

ct

Realness

de
Fernando Epelde

traducido por
Fernando Epelde

(fragmento en galego)

HANKY

Outro flashback. Xonás e Desi.

Xonás leva un álbum de cromos na man. Trátase das "Tartarugas mutantes".

Han pasado xa case dous anos desde este momento.

DESI

Estupendo, dozura. Isto serviranos.

XONÁS

Marquiños pediume que llo devolva canto antes.

DESI

Dille a Marquiños que compartir é vivir, corazón. (*Acariña a portada do álbum*) Vexamos... deste xeito non te esquecerás nunca e evitaremos confusións. (*Moi didáctica*) Se alguuuna veez, de maior... ocorréseseche ir a algunha sauna gai...

XONÁS

Pero que é o que pasa con isto da sauna gai?

DESI

Só digo que, *se algunha vez quixeses* ir a unha... (*Pausa*) Cando sexas maior...

XONÁS

Si... Que pasa? Por que non ía querer ir?

DESI

Pois, porque... moi ao meu pesar... quizais non sexas gai coma a tía Juana ou coma min. Quizais ti sexas hetero coma papá ou mamá.

XONÁS

Xa, pero... iso significa que non poderei pasar tanto tempo convosco?

DESI

Oh, nada diso, encanto! Poderás pasar mesmo máis tempo que agora connosco. Ademais... tes sorte, as Drags non morremos nunca.

XONÁS

E poderei entrar a esa sauna tan gai?

DESI

Sen o "tan".

XONÁS

Como?

DESI

Di, soamente: "*Sauna gai*". Sen o "tan".

XONÁS

Vale, iso... que se poderei ir convosco a esa sauna *super-gai*.

DESI

Ben... si, claro. Se che apetece si... nós sempre estamos alí. Pero moitas veces os heteros prefiren *non* ir a estes lugares... así que, non sería raro que preferises non compartir eses momentos tan... *íntimos* coa tía Juana ou comigo.

XONÁS

Direicho despois de ir unas cantas veces para ver se me gusta e o que se coce por alí.

DESI

Xa, bueno..., o que se coce por alí pódoocho dicir eu agora mesmo. Pero... en todo caso, ao que íamos era á miña explicación sobre os códigos.

XONÁS

Outra vez co dos pendentes?

DESI

Non, corazón. Imos ir á *semántica gai básica*. Os pendentes non ofrecen ningunha dificultade e xa case non se levan. (*Cóllelle o álbum de cromos*) Trátase doutro asunto. Vexamos...

Desi abre o álbum e detense ante unha estampa de Michaelangelo. A tartaruga máis alou

DESI

Mira corazón, Ves o que Michaelangelo leva na cabeza?

XONÁS

Si, un pano.

DESI

De que cor?

XONÁS

Laranxa.

DESI

Moi ben... No noso código...

XONÁS

Que código?

DESI

"O código DaVinci"... non te fode o principiño! O *código GAI*, cariño... A ver se estamos un pouquiño máis atentas!

XONÁS

Vale... vale... Podía ser o código Drag...

DESI

Non. O código dos panos é para tooda a comunidade. Fíxate ben porque hai todo un arco iris de posibilidades para ser utilizadas... ou para confundirse.

XONÁS

Que significa o pano laranxa?

DESI

Levar un pano laranxa significa literalmente: "Calquera cousa, en calquera momento e en calquera lugar", xa sabes...

XONÁS

(*Moi confundido*): Que cousa?

DESI

Cariño... Papá ensinoute a lavar os oídos? (*Fala moi alto*) "CALQUERA COUSA, EN CALQUERA MOMENTO E EN CALQUERA..."/

XONÁS

Escoitei perfectamente, maricón! O que pregunto é *que cousa... que cousa* é "Calquera cousa" *que cousa* faise en calquera momento e en calquera lugar...

DESI

Ah, iiiisooo.... (*Pensa*) Cariño... pois... "cousas"... Cooousas que algúns mozos fan con outros mozos na intimidade para divertirse... ou para satisfacer os seus impulsos autodestrutivos...

XONÁS

Entendo.

DESI

Ben. Vaíamos agora a Leonardo. Esta tartaruga leva un pano azul escuro. Verdade?

XONÁS

Si.

DESI

(*Didáctica*) Un pano azul escuro, á dereita, saíndo do peto traseiro do pantalón, significa que queres... levar as rendas. E, á esquerda... que prefires que alguén... conduza. En fin... (*Detense, dubida e suspira algo nerviosa*) Ai, corazón! En realidade creo que non te debería contar todo isto. Sempre esquezo o novo que es.

XONÁS

Queres dicir que azul escuro á dereita é activo e á esquerda pasivo?

DESI

(*Moi sorprendida*): Mmmm... si. Pero ti como...

XONÁS

Desi, maricón... paso moito tempo contigo e coa Juana. Non estou xorda... Vale?

DESI

Vale, vale... (*pasando a páxina*) E por último temos a: Donatello e a Rafaello.

XONÁS

O de Donatello é morado.

DESI

O morado significa que che gustan moito os *piercings*.

XONÁS

Os que?

DESI

Os pendentes... (*pensa*) e iso.

XONÁS

Pero... por que alguén que está nunha sauna debería de avisar de que lle gustan moito os pendentes?

DESI

Xa... corazón, pero é que esta xente prefire relacionarse *soamente* con mozos que levan algún. O resto non lles interesan para nada.

XONÁS

Pero... Pero iso é como racismo!

DESI

Nada diso, bebé. Aquí non hai discriminación de ningún tipo. Aquí séguense unhas regras para que ninguén se confunda. Por iso estouchas explicando. Porque son moi importantes.

XONÁS

Vale, vale...

DESI

(*Tócalle a fronte cunha uña pintada*) Racismo - non. Discriminación - Fóra.

XONÁS

E o pano vermello de Rafaello? É o mesmo que o de Bruce Springsteen?

DESI
É.

XONÁS
Que significa? A outra vez non fuches moi clara.

DESI
Bueno, corazón... o pano vermello significa que... Que... *(pausa, pensa)* Ben, sinxelamente, que che gusta que che introduzan un puño polo recto.

Xonás queda mirándoo en silencio.

NEGRO